

Expediente (Código do proxecto): 2021/0033
Parque eólico Castro Valente. Alegacións ao documento de inicio.

Don/Dona _____ con DNI número _____,
e con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio
de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do expediente arriba referenciado relativo ao proxecto eólico Castro Valente, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

1.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres

Artigo 2:

1. *A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.*
2. *As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.*

Artigo 6:

1. *Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.*
2. *Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.*
3. *Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.*

2.- Impactos ambientais severos

➤ **Cauces localizados na área do proxecto. INCUMPRIMENTO DA DIRECTIVA MARCO DA AUGA (DMA):**

Na contorna de actuación do parque eólico localízanse numerosos regos (Rego do Castro, Rego das Caneiras, Rego da Revolta, Rego da Rocha, Rego das Bracas, Rego do Frochán). Os principais ríos localizados na área de influencia de 5 km ao redor do parque eólico Castro Valente son: Río Ulla, Río Valga, Río Sar e Río Louro (bacía do Río Ulla e Ría de Arousa).

➤ **Afecta a diversos hábitats protexidos pola Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, tanto prioritarios como de interese comunitario:**

4030. Brezais secos europeos.
8230. Roquedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicidillenii.
9230. Bosques galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pirenaica.
4020*. Brezais húmidos atlánticos de zonas temperadas de Ericaciliaris e Ericatetralix.
91E0*. Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnionincanae, Salicionalbae)

➤ **Afección á Rede Natura:**

Os espazos Rede Natura máis próximos ás futuras instalacións son: a ZEC Sistema fluvial Ulla - Deza (COD. ES1140001), incluída tanto na envolvente de 5 e de 10 km dos aeroxeradores. Na contorna de 5 km das instalacións atópase a ZEPVN Sistema Fluvial Ulla-Deza.

➤ **As instalacións inclúense nas seguintes zonas protexidas de auga potable (ZPAP):**

Ulla (entorno inmediato):	ES014MSBT014-005
Santiago-Sar:	ES014MSBT014-004
Caldas-O Salnes:	ES014MSBT014-002
Interior Sur:	ES014MSBT014-017

➤ **Afección a especies vulnerables:**

O Atlas das Aves Reprodutoras de España documenta 60 especies de aves na zona. De entre todas elas destacan o peneireiro vulgar (Falco tinnunculus) e a tórtola común (Streptopelia turtur) catalogadas como "Vulnerables" polo Libro Vermello das Aves de España.

Parte da área de influencia de 5 e 10 km do parque eólico atópase incluído na área potencial da subespecie lusitánica do escribano palustre (Emberizaschoeniclus L. subsp. lusitánica Steinbacher) en Galicia (Decreto 75/2013, do 10 de maio).

O Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España describe a presenza na zona a estudo de, polo menos, 9 especies de réptiles e 9 de anfibios. Destaca a presenza do lucián (Anguisfragilis), a culebra de collar (Natrix natrix), a culebra de escaleira (Rhinechis scalaris), o lagarto ocelado (Timonlepidus) a ra de san Antón (Hyla arborea), a rapatilarga (Ra ibérica) e a píntega común (Pintegapíntega) catalogadas como "Vulnerables" polo Catálogo galego de especies ameazadas.

O Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España establece a presenza na zona a estudo de, polo menos, 7 especies de mamíferos, entre os que destaca o coello (Oryctolagus cuniculus) catalogado como "Vulnerable" polo Libro Vermello, e a londra (Lutra lutra) especie incluída no CEEA como "de Interese Especial".

➤ **Ausencia de avaliación das Paisaxes**

3.- Afección severa ao patrimonio cultural e ás paisaxes

➤ **Afección ao Patrimonio Cultural:**

Próximo á zona de actuación localízase o elemento do Patrimonio Arqueolóxico castro "Castro Valente". Comprobando as directrices do artigo 38 da Lei 5/2016, pola que se establecen as contornas de protección subsidiarias para os elementos do Patrimonio Cultural (sendo 200m a distancia mínima sobre os bens integrantes do patrimonio arqueolóxico), obsérvase que este elemento non queda incluído dentro destas distancias mínimas de protección, xa que o aeroxerador máis próximo (Aero 3) sitúase a unha distancia de 259,38 m.

➤ **A importancia do Castro Valente:**

Castro Valente (Cod. GA36017048/GA15065012), unha fortificación castrexa/tardo-antiga única en Galicia de control sobre o río Ulla.

<https://www.researchgate.net/project/Thesis-project-Weaponry-and-poliocetics-in-the-Peninsular-christian-kingdoms-fortifications-and-armament-in-the-province-of-A-Coruna-Galicia-Spain>

➤ **Ausencia de avaliación do Patrimonio Inmaterial**

4.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade

Artigo 2. Principios:

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da geodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1º) Que se teña por presentado o presente escrito e formuladas as alegacións que nel se expoñen en relación ao proxecto de referencia.

2º) Que en virtude do apartado 3 do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, se dé a esta parte unha resposta razoada en relación ás alegacións formuladas.

3º) Que en virtude do expresado no presente escrito, e previos os trámites oportunos, a Administración competente proceda a acordar a inadmisión a trámite, o rexeitamento do proxecto eólico Castro Valente, a súa retirada definitiva e o arquivo da solicitude de sometimento a avaliación ambiental deste parque eólico por ser manifestamente inviábel ao incumprir flagrantemente a normativa sectorial en materia de medio ambiente, augas, patrimonio, urbanismo, ordenación do territorio e planificación enerxética.

Castro Valente, 18 de febreiro de 2021

Asdo.-----